

novas en
**branco
e negro**



Número 19 • Novembro 2004

**I Concurso Galaico-Portugués
da Raça Holstein Frisia**

Aveiro, 11 e 12 de Decembro

Conafe '04

A consolidación dun gran programa xenético



LANDOI

(Rudolph x Merrill x Blackstar)

TOP 100 TPI
1^{er} Touro
Español
International Bulls



SIX

(Wade x Juror x Mascot)

ICO
Nº1
Xaneiro 2004



CADOS

(Magley x Luke x Tesk)

PROTEINA
Nº1
Xaneiro 2004



MERO

(Patron x Lindy x Aerostar)

LEITE
Nº1
Xaneiro 2004



ZARZO

(Storm x Astre x Cleitus)


LEITE
Nº2
Xaneiro 2004



XENÉTICA FONTAO

galicia

Centro de
Selección y Reproducción Animal



ÓUTEIRO SIX LONGA BB 81 (1^o parto)
1^o lact. 389d. 16.675 Kg L. 3.66%G 3.10%P

AERICAL ATALAYA LANDOI s/c
1^o lact. 79 d. 2.632 Kg L. 3.50%G 3.10%P (Lactación en curso)

para máis información visite a nosa páxina web

>>> www.xeneticafontao.com

Coa miña ilusión, e agradecemento



Estimados gandeiros e gandeiras:

Aproveito a oportunidade que me brinda Novas en Branco e Negro para presentarme como Presidente da Federación Frisona Galega, responsabilidade coa que me honrástedes desde hai xa uns meses. Neste sentido, quero transmitirvos a todos o meu agradecemento polo apoio e a colaboración que me fixéstedes chegar desde o comezo desta nova andaina da miña vida.

Pola miña parte quero dicirvos que a confianza que depositástedes en min servírame de empuxe para traballar máis e mellor pola nosa gandería reivindicando o seu papel puntal na socioeconomía de Galicia e estreitando lazos con tódolos axentes económicos e sectoriais para conquistar desenvolver novos proxectos que contribúan a que o noso calendario non veña marcado polas crises, senón pola produtividade.

Luis Seoane Labandeira
Presidente de Fefriga

sumario

Concurso Nacional Conafe 2004	4
Resultados	
V Concurso Nacional de Manexadores	
Galería Fotográfica	
Escola de xuíces	10
Mercado de animais de Fefriga	12
Novas da UTE-BOS	14
Actualidade	15
Axenda	15



Editado por:

FEDERACIÓN FRISONA GALEGA
R/ Melide, 25-27 - baixo
15704 Santiago de Compostela
A Coruña • España

Tel./Fax: +34 981 573 879
+34 981 573 775
e-mail: fefriga@fefriga.com
Web: www.fefriga.com

Xunta Directiva


Presidente: Luis Seoane Labandeira
Vicepresidente: José Manuel López Tellado
Secretario: Rafael Méndez Guerra
Tesoureiro: Juan Álvarez Losada
Interventor: Álvaro José Castro Fernández
Vocais: Francisco Manuel Penabaz Pita
Antonio Pérez Castro
José Manuel Mandriñán Castro

Director: Francesc X. Grau
D.L.G.: PO-187-99

concurso nacional CONAFE'04

Xixón, 2 e 3 de outubro de 2004

Un ano máis celebrouse en Xixón o Concurso Nacional Conafe '04 no que participaron máis de 180 animais procedentes de 8 autonomía. A representación de Galicia estaba composta por 17 extraordinarios exemplares, que conquistaron para a nosa Comunidade un total de 14 premios, entre os que cabe destacar o de 2ª Mellor Autonomía. Os bos resultados obtidos polos nosos animais nos últimos anos, así como a preparación e profesionalidade que demostran os Xóvenes Galegos nos Concursos de Manexadores, poñen de manifesto o alto nivel do que goza a Cabana Frisona Galega, augurándolle ademais da súa continuidade, un prometedor futuro.




Sección: 2 Terneiras de 11 a 13 meses

5º premio:

Rey 368 Riquiña Lheros

S.A.T. Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)



Sección: 3 Terneiras de 14 a 16 Meses

1º premio:

Outeiro Rubens Natalia

Outeiro, C.B. (Chantada - Lugo)



Novillas de 17 a 19 meses

2º premio:

Vilarmor Leduc Talia 4403

Granxa Vilarmor, S.C. (Ortigueira - A Coruña)




Sección: 6
Novillas de 23 a 26 meses

3º premio:

Agrortegal Estrella Roy

Granxa Caxigueira (Ortigueira - A Coruña)




Sección: 7
Ternera Campiona

Ternera Subcampiona:

Outeiro Rubens Natalia

Outeiro, C.B. (Chantada - Lugo)




Sección: 12
Vaca Intermedia Lactación de 36 a 41 meses

1º premio:

Rosalía James

Tomás Cancio Bouso (Ribadeo - Lugo)

Vaca Intermedia Subcampiona



Sección: 12
Vaca Intermedia Lactación de 36 a 41 meses

3º premio:

Pradera Anita Amber

Blanco (Lalín - Pontevedra)



Sección: 13
Vaca Intermedia Lactación de 42 a 47 meses

2º premio:

Rey 289 Maceira Rudolph

S.A.T.Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)




Sección: 14
Vaca Intermedia Lactación de 4 anos

5º premio:

Bos Siñeiro Brisa Lee ET

Siñeiro (Barreiros - Lugo)



Sección: 15
Vaca Adulta Lactación de 6 anos ou máis

2º premio:

Seixo Wade Rita

Casa Pozo (Saa - Lugo)

Vaca Adulta Subcampiona



Sección: 15
Vaca Adulta Lactación de 6 anos ou máis

3º premio:

Agrortegal Galletera Juror

Granxa Caxigueira (Ortigueira - A Coruña)

Galicia
Segunda Autonomía



V CAMPEONATO NACIONAL DE MANEXADORES

Categoría Infantil ata 11 anos:

Campión Nacional Infantil:

Águeda Capón Fernández

Gandería Capón (Chantada – Lugo)

Categoría Junior ata 17 anos:

Subcampeón Nacional Junior:

Roi Capón Fernández

Gandería Capón (Chantada – Lugo)

Mellor Manexador do Concurso:




D. Ivan Cid Salgado

Gandería Cid, C.B. (Barreiros – Lugo)

**Agradecemos a
súa participación no
XXVI Concurso
Nacional Conafe '04**

SAT Gandería Blanco
Luis Louzao Fernández
Finca La Asunción
Granxa Caxigueira
Gandería Vilarmor
SAT Gand. Seijo 860 Xuga
Outeiro, C.B.

Casa Capón
Casa Pozo
SAT Rey de Miñotelo
Mantoño Holstein
Gandería Cid, C.B.
Tomás Cancio Bouso
Gandería Siñeiro





Escola de xuíces



Organizada pola Federación Frisona Galega e Africor-Pontevedra, e coa colaboración da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e da Fundación Semana Verde de Galicia, celebrouse nas ganderías da Provincia de Pontevedra dos días 28 ó 30 de Xullo, a XVIII Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga '04.

A Escola foi xulgada por D. Eduardo García Frías, Xuíz Internacional e Presidente da Asociación Holstein de México. Dende aquí agradecerlle o extraordinario traballo realizado e a súa paciencia e boa dispoñibilidade para aclarar, comentar e debater as difíciles seccións presentadas, tamén agradecer a presenza de destacados membros da xunta directiva de Holstein México, que sen dúbida enriqueceron a Escola cos seus comentarios e experiencias.

O noso agradecemento a Africor Pontevedra e á Fundación Semana Verde de Galicia polo seu extraordinario traballo e incondicional colaboración.


Pero o éxito da Escola débese sen dúbida a uns alumnos con moitas gañas de aprender e ós gandeiros que a tal fin aportaron uns extraordinarios grupos de vacas, preparados e presentados con gran profesionalidade por persoal de Africor Pontevedra.

Esperámosvos un ano máis, na vindeira edición de Xullo 2005.



Grupo de preparadores e manexadores

ganderías colaboradoras



Gandería S.A.T. Blanco. Pardosa (Lalín)



Gandería Fraga. Goiás (Lalín)



Ganderías Taboada, Ríos e S.A.T. Os Herdeiros. Laro (Silleda)



Gandería Iglesias. Palmás (Lalín)



Gandería Sánchez. Sestelo - Escuadro (Silleda)



Gandería Carballeiras Madriñán. Cima de Sello (Lalín)

Mercado de animais Fefriga

O mercado virtual de Fefriga consiste nun sistema de ofertas de animais, no que os socios de FEFRIGA poden ofertar os seus animais e que, logo dunha validación por parte dos responsables da Federación, son ofrecidos a calqueira persoa interesada a través de Internet.

Os internautas poden acceder ás ofertas desde a páxina principal de FEFRIGA, en <http://www.fefriga.com>. Non compre rexistro previo nin uso de claves ou contrasinais, senón que poden consultar directamente tódalas ofertas de gando frisón realizadas polos asociados á Federación.

Sí se atopa limitado o acceso ás ofertas, de xeito que só os gandeiros membros de FEFRIGA poden figurar como vendedores. O sitio web da Federación preparou un área restrinxida a socios desde a que se poden inserir as ofertas, sexan femias ou machos, que interesen para a venda. Nunha sección específica e diferenciada atópase a posibilidade de venda de novillos descendentes de vacas de Bos, para os que se establecen uns requerimentos específicos.

O papel de FEFRIGA neste mercado é o de facilitar a posta no mercado dos excedentes

gandeiros dos seus socios, cun sistema que lles dea publicidade ás súas ofertas e que facilite ós posibles compradores o acceso rápido e doado á información xenealóxica do animal e os datos do propietario. A Federación non é intermediaria na venda, que se realizaría directamente entre as dúas partes, á marxe do sistema de Internet. O que sí fai FEFRIGA é garantir a calidade do gando exposto para á venda mediante o establecemento duns requisitos mínimos de calidade que son comprobados polo persoal da Federación.

Resumo de características do **mercado virtual** de FEFRIGA:

- Fefriga pon a disposición dos socios un sistema para publicitar a venda dos seus animais, machos ou femias, e fai un control da calidade consistente en establecer uns requisitos de admisión dos exemplares que garanticen a calidade do gando exposto.
- Os compradores atopan no mercado virtual unha exposición de gando de calidade, onde poden consultar de xeito directo os datos xenealóxicos e de produción dos animais, directamente na base de datos de CONAFE.
- A operación de merca/venda realízase entre as dúas partes interesadas de xeito directo, sen máis intervención por parte de FEFRIGA que o soporte publicitario da oferta e dos datos do vendedor.

¿Quién pode vender?

A posibilidade de expoñer os animais en venda está limitada ós socios da Federación. Unha fies-tra baixo o rótulo de “ACCESO SOCIOS”, na que se pide o código de CONAFE e o NIF do interesado, da entrada á área restrinxida dende a que se poden engadir e consultar as ofertas realizadas polo asociado.

¿Quién pode mercar?

Calquera persoa interesada pode acceder ás ofertas de animais realizadas polos socios de FEFRIGA, sen necesidade de introducir claves nin de rexistrarse previamente.



FEFRIGA Federación Frisona Galega

U.T.E. BOS
BRANCO E NEGRO
AXENDA
ACTIVIDADES 2004
MERCADO DE ANIMAIS
LIBRO XENEALÓXICO
INDICES XENÉTICOS
NOTICIAS E AVISOS
PREMIOS 2004
Concurso Pintura '04
MEMORIA 2003
ACCESOS RÁPIDOS
PÁXINA PRINCIPAL

Rúa Melide 25-27 Baixo
15704 Santiago de C.
A Coruña - España
Tfno./Fax: + 34 981 573 879
+ 34 981 573 775
fefriga@fefriga.com




- XVIII Escola de Xuíces Gandeiros
- Nueva Junta Directiva
- VIII Subhasta TOP BOS. Adjudicaciones.
- Distincións Honoríficas 2004
- Resultados del XX Concurso de Jóvenes Manejadores 'Semana Verde 2004'

R/ Melide 25-27 Baixo - 15704 Santiago de C. - A Coruña - España
Tfno./Fax: + 34 981 573 879 + 34 981 573 775



Requisitos

Femias

Pai: Touro de Inseminación Artificial (en proba ou probado).

Nai: Inscrita no Libro Xenealóxico e cunha produción mínima no primeiro parto de 7.000 Kg/L. ou 476 Kg/Materia Útil, ou en segundo parto 7.500Kg/L. ou 510 Kg/ Materia Útil. No caso de ser fillo dunha primeiriza, as esixencias anteriores aplicaranse á avoa.

Machos

Pai: Touro de Inseminación Artificial (probado).

Nai: Inscrita no rexistro selectivo e con produción mínima no primeiro parto de 8.000 Kg/L. ou 544 Kg/Materia Útil, ou en segundo parto 9.000 Kg/L. ou 612 Kg/ Materia Útil. Ademáis estará calificada BB se se trata dun 1º parto ou MB se é segundo ou máis. No caso de ser primeiriza e non dispor aínda de datos de produción, as esixencias anteriores aplicaranse á avoa.

Novillos de Bos

Pai: Touro de Inseminación Artificial (probado).

Nai: Inscrita rexistro selectivo e cunha produción mínima no primeiro parto de 8.000 Kg/L. ou 544 Kg/Materia Útil, ou en segundo parto 9.000 Kg/L. ou 612 Kg/ Materia Útil. Ademáis estará calificada BB se se trata dun 1º parto ou MB se é segundo ou máis. No caso de ser fillo dunha primeiriza, e non dispor de datos de produción, as esixencias aplicaranse á avoa.

Excelentes novas na UTE-BOS


Na derradeira calificación “Conafe”, os animais **Bos Storm Xebra ET** e **Bos Wade Quintana ET** obtiveron a calificación de **EX**, e **Bos Mandel Rigueira ET** 2 **EX**.

Os embrións destas vacas e doutras moitas están **dispoñibles** na páxina web da federación

www.fefriga.com



Bos Storm Xebra ET EX



Bos Mandel Rigueira ET 2 EX



Bos Wade Quintana ET EX



Bos Wade Quintana coas súas fillas Ana e Rosa



Quintana

e as súas xemelgas
Ana e Rosa deséxanlles

Bon Nadal

e ventureiro

Aninovo

Concurso Nacional da Raça Holstein Frisia

O vindeiro 11 e 12 de Decembro vaise celebrar en Aveiro o XXV Concurso Nacional da Raça Holstein Frisia. Este ano como novidade celébrase o 1º Concurso Galaico-Portugués da Raça Holstein Frisia. Non deixes pasar a oportunidade que che ofrece este certame para establecer comparacións coa xenética dos nosos veciños, e ó mesmo

tempo apoiar coa túa presenza á cabana frisona galega.

Esparámoste en Aveiro

Libro xenealóxico

Documentación

Os documentos e solicitudes que se presenten para a inscrición de animais no rexistro, fusión de explotacións, transferencias de animais, actualización de censos, modificacións de conta e/ou de domicilio social etc.. deben **obrigatoriamente** estar asinados polo solicitante. Igualmente, deberá

estar cumprimentada a data en que se realiza dita solicitude.

As declaracións de nacementos deberán ser remitidas debidamente cumprimentadas. A **falta do nome ou número de rexistro** de algún dos pais, ou calqueira outro dato, dará lugar á devolución da documentación.

¡¡Recorda!!

O prazo máximo para rexistrar animais vía Declaración de Nacementos é dentro dos 3 meses posteriores ó nacemento. No caso de devolucións, o prazo máximo para subsanar erros ou engadir datos, é de dous meses, a partires da data da súa devolución. Transcorrido dito prazo, esixírase proba de paternidade, ou serán inscritos no Rexistro Auxiliar "Categoría A".

11 e 12 de Decembro: Concurso Internacional da Raça Holstein Frisia.
I Concurso Galaico-Portugués da Raça Holstein Frisia.

17 ó 20 de Marzo: Concurso Nacional Primavera Conafe '05.

15 ó 19 de Xuño: Semana Verde: IX Subhasta TOP-BOS
Concurso Autonómico e Internacional.

27 ó 31 de Xuño: Escola de Xuíces Fefriga.

29 Sept. ó 2 de Out.: Concurso Nacional Conafe '05.

axenda



As vacas de BOS comen piensos...

NUDESA



NUTRIMENTOS DEZA, S.A.

Tfno.: 986 58 12 00